

O crebanoces é un dos ballets máis escoitados de todos os tempos. De seguro, que algún fragmento musical o recoñecerás por escoitalo nalgunha banda sonora da factoría Disney.

Escribe o título dalgunha película onde poidas escoitar algún fragmento deste ballet :

- Fantasía: 1940
- Tom e Jerry: O crebanoces 2007
- So en casa 1990
- O crebanoces e os catro reinos 2018

Este ballet foi composto por P.I. Tchaikovsky e presentouno por primeira vez no Teatro Mariinsky de San Petersburgo, en Rusia en decembro de 1892. A acollida do público non foi a esperada. O público desa época era refinado e burgués e non se sentía identificado cuns protagonistas cativos onde a maxia e a ilusión inundan todo o argumento do ballet.

Tchaikovsky morre un ano despois, e non é ata a década de 1940 onde a través do cine animado cando se dá a coñecer parte da súa música. O público norteamericano comeza a ter interese por este ballet e compañías como a New York City Ballet a través do seu coreógrafo Balanchine lle dan un aire máis complexo e renovado na súa posta en escena, polo que imos atopar múltiples versións.

A historia está baseada nun conto romántico de Hoffmann, un escritor alemán do século XIX. A acción organízase en dous actos, un situado nun ambiente real e outro no mundo da fantasía e da ilusión.

Acto I: La Noche de Navidad

1. **A Festa:** La familia Stahlbaum celebra o Nadal. Clara recibe do seu padriño Drosselmeyer un quebranoces de madeira que a fascina.
2. **A Maxia Desperta:** Máis tarde, Clara baixa a ver ao seu crebanoces e, a medianoite, o salón énches de ratos liderados por el Rei Rato. O xoguete cobra vida e lidera aos soldados de xoguete contra os ratos.
3. **A Batalla:** Clara distrae ao Rei dos Ratos lanzándolle a súa zapatilla, permitindo que o Quebranoces o derrote. O feitizo rómpese e transfórmase nun fermoso príncipe.

Acto II: O Reino dos Doces

1. **Viaxe Máxico:** O Príncipe Crebanoces leva a Clara a un mundo máxico, comezando polo Reino das Neves e logo ao larpeiro Reino dos Doces.
2. **Celebración:** Son recibidos pola Fada de Azucre e o seu Cabaleiro, que lles organizan un gran baile en honor a Clara. Doces de todo o mundo (chocolate, café, té, bastóns de caramelo) e fermosas flores bailan para eles, culminando co famoso [*Gran Pas de Deux*](#) da Fada de Azucre.
3. **O Final:** Clara desperta baixo a árbore, co seu crebanoces de madeira, preguntándose se todo foi un soño.

Versión NYCB (2011) <https://youtu.be/ya4DasxL47g?si=XkuwKCNZDxhTGIkC>

Escoita :

[Danza da fada de azucre](#)

[Versión completa](#) (preme e selecciona tempos)

- Danza do chocolate dende o 1:02:15
- Danza Oriental ou do Café dende 1: 02:30
- Danza Chinesa ou do Té dende o 1:06:45
- Danza Rusa ou Trepak dende 1:07:54
- Danza dos Mirlitóns dende o 1: 09 :19
- Valse das Flores dende o 1: 14:40

A ORIXE DO BALLET

- 1- Creador da música do Crebanoces.
- 2- Apelido do escritor do conto do Crebanoces e a súa época e nacionalidade.
- 3- Ano e lugar onde se estreou o ballet. Tivo moita ou pouca acollida?
- 4- Que empresa e produto lanza EEUU para dar a coñecer este ballet. En que ano foi?
- 5- Cando se adoita representar este ballet e por qué .

A ESTRUCTURA DO BALLET

- 1-Para crear un ambiente máxico, Tchaikovsky introduce instrumentos novos como a _____ que se identifica con personaxes fantásticos como _____. Outros instrumentos utilizados para crear maxia e ilusión son _____.
- 2- Para conseguir elegancia e refinamento as bailarinas adoitan bailar con _____.
- 3- A orquestra non se sitúa no escenario senón nun espazo ubicado na parte baixa chamado _____.
- 4- Este ballet se organiza en dous _____. A parte inicial se chama _____ e serve para _____.
- 5- Fai un listado das danzas máis coñecidas deste ballet e indica en que acto aparece.

